



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de cuanto se establece en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas al informe de la ONU que acusa a Marruecos de la demolición de un gran número de viviendas y desplazamiento de la población saharauí en los territorios ocupados del Sáhara.**

Ocho relatores especiales de la ONU han denunciado en un reciente informe que las autoridades marroquíes han llevado a cabo una operación de adquisición de tierras a gran escala a lo largo de las costas del Sáhara Occidental, una maniobra que ha supuesto la destrucción de propiedades privadas y el desalojo forzoso de muchos saharauis, principalmente de viviendas situadas cerca del mar. El propio documento indica que el objetivo principal es facilitar el acceso en la zona a proyectos de generación de energía eólica, hidrógeno verde y turismo.

El mismo informe también destaca la constante campaña de represión, violencia, discriminación racial y violación de los derechos humanos de la población saharauí.

Las operaciones se llevan a cabo en la costa atlántica del Sáhara Occidental: Lamside, Agte Baba Ali, Boulemaayrdat, Foum El Oued y zonas cercanas a Uad Saquiat al Hamra. Se trata de un desalojo premeditado que comenzó hace más de una década, ya que desde noviembre de 2010, tras el desmantelamiento del campamento de Gdeim Izik, Marruecos prohíbe a los saharauis pernoctar en los edificios de la zona, permitiéndoles únicamente las visitas durante el día y exigiéndoles que abandonen el lugar antes del atardecer.

Las autoridades marroquíes comenzaron a quemar estas viviendas en febrero de 2022 y continuaron haciéndolo en 2024 y 2025. Así pues, de conformidad con los datos recopilados por los relatores que han incorporado a sus informes, cientos de viviendas fueron destruidas y muchas de ellas incendiadas.

Al mismo tiempo, Marruecos facilita que se instalen empresas como Enel, Engie y GE Vernova para desarrollar proyectos de energía renovable en las zonas desalojadas, pero sin consultar ni solicitar el consentimiento del pueblo saharauí como exige el Derecho Internacional.



Los relatores de la ONU acusan a Marruecos de perpetrar una campaña «a gran escala» contra la población saharauí en los territorios ocupados. Piden a las autoridades marroquíes que pongan fin a las demoliciones de viviendas y detengan los desalojos forzosos.

En su comunicado, los relatores exigen que Marruecos proporcione información sobre las medidas adoptadas para ofrecer una compensación adecuada o una vivienda alternativa, así como recursos jurídicos, a las personas y los hogares afectados por demoliciones y desalojos forzosos, y para prevenir nuevas demoliciones y desalojos forzosos. Asimismo, exigen que Marruecos cumpla los Tratados Internacionales de Derechos Humanos y garantice que el pueblo del Sáhara Occidental pueda ejercer su derecho a la autodeterminación.

Los ocho relatores de la ONU instaron a Marruecos a indicar las medidas para garantizar que el pueblo saharauí pueda ejercer su derecho a la autodeterminación, garantizar los derechos a la libertad de expresión y asociación, asegurar que los activistas, defensores de derechos humanos y periodistas puedan llevar a cabo sus actividades sin temor a represalias o violencia, garantizar medidas de compensación o vivienda alternativa y recursos legales.

En este escenario de agravamiento de la persecución y vulneración de los derechos del pueblo saharauí, el Gobierno del Estado sigue comprometido a mantenerse alineado con las posiciones de Marruecos desde que, hace más de dos años, cambió su posición sobre el derecho a la autodeterminación del Sáhara Occidental, asumiendo las posiciones colonialistas de Marruecos y abandonando su responsabilidad histórica sobre el Sáhara Occidental, que fue colonia del Estado español hasta 1975.

Recordamos que el derecho a la autodeterminación del pueblo saharauí está protegido por diversas resoluciones de la ONU.

Por los motivos expuestos, el BNG plantea las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Qué valoración hace el Gobierno del informe hecho público por ocho relatores de la ONU, que denuncia la demolición sistemática de viviendas saharauíes en la costa atlántica, en territorios ocupados, y el desalojo forzoso de personas para facilitar la instalación de empresas de producción de energías renovables e infraestructuras para el turismo?
2. ¿Se ha interesado el Ministerio de Asuntos Exteriores por estos hechos que



- demuestran el agravamiento de las políticas de desplazamiento del pueblo saharauí de su territorio, de persecución y de violación de los derechos fundamentales? ¿Ha realizado usted algún tipo de gestión o contacto diplomático respecto a este asunto?
3. ¿Sabe que el informe publicado por los relatores internacionales de la ONU exige a Marruecos que ponga fin a las demoliciones de viviendas saharauí, ofrezca medidas compensatorias o viviendas alternativas? ¿Tomará alguna medida?
 4. ¿Exigirá el Gobierno a Marruecos el fin de las demoliciones de viviendas y los desalojos forzosos de saharauí en los territorios ocupados y una indemnización para las personas afectadas?
 5. ¿Exige el Ministerio de Asuntos Exteriores a Marruecos que respete los derechos del pueblo saharauí, ponga fin a las políticas colonialistas y acabe con la represión y la persecución?
 6. ¿Está de acuerdo el Gobierno en que se cumplan las resoluciones de ONU sobre el derecho a la autodeterminación del Sáhara Occidental?
 7. ¿Recuperará el Gobierno la posición tradicional del Estado español en relación al Sáhara Occidental, retomando su responsabilidad histórica en defensa de la autodeterminación del pueblo saharauí?

Madrid, a 9 de junio de 2025

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

09 JUN. 2025 11:12:45

Entrada **71698**

Sobre a demolición de vivendas e o desprazamento da poboación saharauí por parte de Marrocos

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas ao informe da ONU que acusa a Marrocos da demolición dun grande número de vivendas e o desprazamento da poboación saharauí nos territorios ocupados do Sáhara.**

Oito Relatores Especiais da ONU denuncian nun recente informe que as autoridades marroquís levaron adiante unha operación de adquisición de terras a grande escala ao longo da costa do Sáhara Occidental, unha manobra que implicou a destrución de propiedades privadas e o desafiuzamento forzoso de moitos saharauís, principalmente nas casas situadas cerca do mar. O propio documento sinala que o principal obxectivo é facilitar o acceso na zona a proxectos de xeración de enerxía eólica, hidróxeno verde e turismo.

O mesmo informe destaca tamén a constante campaña de represión, violencia, discriminación racial e vulneración dos dereitos humanos da poboación saharauí.

As operacións realízanse na costa atlántica do Sáhara Occidental: Lamside, Agte Baba Ali, Boulemaayrdat, Foum El Oued e zonas próximas a Uad Saquiat al Hamra. Trátase dun desaloxo premeditado e que comezou máis dunha década, pois desde novembro de 2010, despois do desmantelamento do campamento de Gdeim Izik, Marrocos prohibe aos saharauís pasar a noite nos inmóbeis da zona, só permiten visitas durante o día e esixen que se marchen antes do atardecer. As autoridades marroquís comezaron a queimar estas vivendas en febreiro de 2022, continuando en 2024 e 2025. Así, segundo os datos recollidos polos





relatores e que incorporan ao seu informe, centos de vivendas foron destruídas e moitas delas con incendios provocados.

Ao tempo, Marrocos está a facilitar a instalación de empresas como Enel, Engie e GE Vernova para desenvolver proxectos de enerxía renovábel nas zonas desaloxadas, mais sen consultar ou solicitar o consentimento do pobo saharauí tal e como exige o Dereito Internacional.

Os Relatores da ONU acusan a Marrocos de perpetrar unha campaña “a grande escala” contra a poboación saharauí nos territorios ocupados. Reclaman ás autoridades marroquís que poñan fin ás demolicións de vivendas e paren os desaloxos forzosos.

No seu comunicado, os Relatores demandan a Marrocos que proporcione información sobre as medidas adoptadas para ofrecer unha compensación adecuada ou unha vivenda alternativa, así como recursos legais, ás persoas e fogares afectados polas demolicións e os desaloxos forzosos, e para previr novas demolicións e desaloxos forzosos. Así mesmo, exixen a Marrocos que cumpra os Tratados Internacionais en Dereitos Humanos e que se garanta que o pobo do Sahara Occidental poida exercer o seu dereito de autodeterminación.

Os oito Relatores da ONU instaron a Marrocos a indicar as medidas para garantir que o pobo saharauí poida exercer o seu dereito á autodeterminación, a garantir os dereitos á liberdade de expresión e asociación, a garantir que activistas, defensores de dereitos humanos e xornalistas poidan desenvolver as súas actividades sen temor a represalias ou violencia, a garantir medidas de compensación ou unha vivenda alternativa e recursos xurídicos.

Neste escenario de agravamento da persecución e vulneración dos dereitos do pobo saharauí, o Goberno do Estado continúa empeñado en permanecer aliñado coas posicións de Marrocos desde que, hai máis de dous anos cambiou de posición sobre o dereito de autodeterminación do Sahara Occidental, asumindo as posicións colonialistas de Marrocos e abandonando a súa responsabilidade histórica para co Sáhara Occidental que foi colonia do Estado español até 1975.



Lembramos que o dereito de autodeterminación do pobo saharauí está amparado por distintas resolucións da ONU.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Que valoración fai o Goberno do Informe feito público por oito Relatores da ONU en que se denuncia a sistemática demolición de vivendas de saharauís na costa atlántica, en territorios ocupados, e o desaloxo forzoso de persoas para facilitar a instalación de empresas de produción de enerxía renovábel e de infraestruturas para o turismo?
2. Interesouse o Ministerio de Asuntos Exteriores por estes feitos que demostran o agravamento das políticas de desprazamento do pobo saharauí do seu territorio, de persecución e de conculcación dos dereitos fundamentais? Realizou algunha xestión ou contacto diplomático en relación con este asunto?
3. É coñecedor que o informe emitido polos Relatores Internacionais da ONU reclaman a Marrocos o fin das demolicións de vivendas saharauís, medidas de compensación ou vivendas alternativas? Adoptará algunha medida?
4. Exixirá o Goberno a Marrocos o fin das demolicións de vivendas e desaloxos forzosos de persoas saharauís nos territorios ocupados e a compensación ás persoas afectadas?
5. Está o Ministerio de Asuntos Exteriores demandando a Marrocos o respecto aos dereitos do pobo saharauí, o fin das políticas colonialistas e o fin da represión e persecución?
6. Comparte o Goberno que se deberían cumprir as resolucións da ONU sobre o dereito de autodeterminación do Sáhara Occidental?



7. Recuperará o Goberno a posición tradicional do Estado Español en relación ao Sáhara Occidental, retomando a súa responsabilidade histórica en defensa da autodeterminación do pobo saharauí?

Madrid, a 9 de xuño de 2025

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso